



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** vén de convocar, a través do Diario Oficial de Galicia ([DOG 24/01/2014](#)), a edición 2014 das subvencións para **INVESTIMENTOS INNOVADORES PARA O CRECEMENTO EMPRESARIAL**.

Esta convocatoria, dirixida a todo **tipo de empresas** independentemente do seu tamaño, persegue apoiar a realización de investimentos innovadores que permitan mellorar a competitividade da empresa incrementando a súa capacidade innovadora. Neste senso, establécense **tres modalidades de axuda: investimentos innovadores; dotación de unidades de I+D** e transferencia de tecnoloxía mediante a **adquisición de licenzas relativas a invencións**.

A primeira modalide, agrupada baixo o epígrafe de investimentos innovadores, contempla, á súa vez, tres tipos de investimentos: a **creación dun novo centro produtivo ou ampliación** dun existente coa finalidade de permitir o desenvolvemento de novos produtos e procesos; a **diversificación da produción** para atender novos mercados e a **transformación innovadora do proceso global de produción**. A segunda liña está enfocada a dotar unidades de I+D propias co obxectivo de mellorar a súa competitividade e, por último, resarcir ás empresas do investimento realizado na adquisición de licenzas de invencións.

A **intensidade da axuda oscila entre o 30 e o 50% do custo subvencionable**, dependendo do tipo de empresa e o número de proxectos subvencionados (até un máximo de tres), e require un **investimento mínimo de 50.000 euros na modalidade de investimentos innovadores**, de **30.000 euros no caso da dotación de unidades de I+D** e non hai un orzamento mínimo na modalidade de adquisición de licenzas.

O **prazo de presentación** de solicitudes está aberto até o **24 de febreiro de 2014**. Na [páxina web de GAIN](#) podes acceder ás bases completas da convocatoria, unha guía do solicitante e un documento de preguntas frecuentes. Se tes calquera dúbida, GAIN pon á túa disposición un correo electrónico, infosegapi.gain@xunta.es, e uns teléfonos, 981957392/87, para atender as túas consultas.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!